



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE  
SANTIAGO

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES PARA O DESENVOLVEMENTO DO VIII CAMPUS VERO BOQUETE

Dunha parte, D. Martiño Noriega Sánchez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, en virtude da competencia que lle outorga o artigo 124.4.a da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, Dna. María Eugenia Parceró Iglesias con documento nacional de identidade número 44 833 739T, Presidenta da ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES, con domicilio en Santiago de Compostela na rúa Isidro Parga Pondal, número 4, 3º C, con CIF G70410287, co número de Rexistro na Dirección Xeral para o Deporte C-11814 e no de Rexistro Municipal de Asociacións co número 654.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, acordando

### EXPOÑER

I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.

III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.

IV. Que o Concello de Santiago para levar a cabo coa colaboración da ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018, que de acordo co seu artigo 33 achegará a cantidade de **oito mil cincocentos euros (8.500,00.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 48900.

E, polo que as partes

### CONVEÑEN

1º Que é obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión do fútbol e o fútbol sala a



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE  
SANTIAGO

través da realización dunha proposta polideportiva na que está prevista a participación de nenos e nenas de 6 a 18 anos, denominada VIII CAMPUS VERO BOQUETE, que contará co reforzo da imaxe dunha deportista local de ámbito internacional como é a xogada Verónica Boquete que contribuirá a poñer en valor o deporte feminino na nosa sociedade, polo que a ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES comprométese a organizar e desenvolver esta actividade deportiva, programada para os días 26, 27 e 28 de decembro de 2018.

**2º.-** A ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES como organizador do evento, farase cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento da actividade co fin de garantir un correcto desenvolvemento da mesma debendo, ademais, definir e aplicar unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preserve a igualdade entre os participantes e estableza as condicións da competición.

A ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES manifesta a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que posibiliten a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como, acadar os permisos que sexan necesarios ante as autoridades e organismos que correspondan, e aplicar aquelas normas e regulamentos que sexan de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

**3º** O VIII CAMPUS VERO BOQUETE desenvolverase nas instalacións municipais que determine o Departamento de Deportes, sendo responsabilidade da ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES adoptar todas as medidas de control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinen as normativas existentes e os propios plans de evacuación dos recintos.

En consecuencia, a súa organización supón asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba que garantan, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

A maiores, a entidade deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que poidan derivarse da organización desta competición, así como, ter contratado necesariamente un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo.

**4º.-** En todo tipo de publicidade e información farase constar a colaboración municipal para o desenvolvemento desta actividade mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e carteleira en xeral, así como, nas instalacións deportivas onde se desenvolva.

**5º.-** A ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES comprométese a presentar, antes da sinatura do presente convenio para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

**5.1** Certificación da entidade, asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente, do orzamento detallado de ingresos e gastos previstos para a realización deste evento.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE  
SANTIAGO

**5.2** Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

**5.3** Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**5.4** Copia compulsada do CIF da Entidade

**5.5** Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta, BIC e IBAN.

**6º.-** Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

**7º.-** Pola súa parte, o Concello de Santiago comprométese a subvencionar á ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES coa cantidade de **8.500,00.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 48900, destinados á axuda do financiamento dos conceptos de gasto e contías que a continuación se detallan e que figuran expresamente no orzamento xeral da actividade:

Coordinación e planificación VII Campus Vero Boquete	1.710,00.-€
Material deportivo	999,35.-€
Equipacións e estampación	3.316,58.-€
Imprenta	1.710,00.-€
Seguro de accidentes	365,92.-€
Transporte	715,00.-€
Tempo libre	1.452,00.-€
Equipo imaxe e son	907,50.-€
Publicidade	199,99.-€
<b>Total do orzamento por estes conceptos:</b>	<b>11.376,34.-€</b>



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE  
SANTIAGO

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES para a actividade obxecto de subvención.

**8º.-** Para facer efectivo o pago é condición necesaria que a ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, **sempre antes do 29 de decembro de 2018**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

**8.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido o obxecto deste convenio.

Presentaranse unha breve memoria na que se inclúan recortes de prensa, fotografías, ..., nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido no punto 4 do mesmo.

**8.2.- Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas** que se correspondan cos conceptos de gasto e contías que figuran no apartado 7º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2018, **debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.**

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 7ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos pola entidade para a organización deste evento, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificando supere o importe da subvención recollida no mesmo.

**Excepcionalmente**, só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasolineiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de 600 euros. Xustificarse mediante factura ou recibo asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

**8.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se expresen, tamén baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. Esta declaración deberá vir acompañada dunha liquidación do orzamento de gastos e ingresos da actividade.

**8.4.-** No momento da xustificación deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.



Departamento Municipal de Deputados de Santiago



CONCELLO DE  
SANTIAGO

9º.- O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2018.

10º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a revogación da subvención prevista no presente convenio.

11.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencia ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto terceiro deste convenio, realizaranse de acordo co disposto nas normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento a entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

13º.- Polo Concello poderá esixirse, a maiores das condicións establecidas anteriormente, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

14º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a Entidade, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 Xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

15º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES83 2100 6197 8602 0007 1790**.

16º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento; e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

17º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

18º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE SANTIAGO

Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018.

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola ASOCIACIÓN DEPORTIVA HERMES

Asdo.: Martiño Noriega Sánchez  
**ALCALDE**

Asdo.: M<sup>a</sup> Eugenia Parceró Iglesias  
**PRESIDENTA**

